



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 255

IX lexislatura

17 de marzo de 2014

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.1. Normas aprobadas

1.1.1.1. Leis

Lei para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía

[61221](#)

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Resolución da Presidencia do Parlamento, do 14 de marzo de 2014, pola que se prorroga o prazo de presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de reforma da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, e do Regulamento do Parlamento de Galicia

[61223](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

Rexeitamento da iniciativa

- 8210 (09/PNC-000691)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co plan de actuacións hidroeléctricas previsto para o río Xallas, o impulso dun plan especial de desenvolvemento económico da Costa da Morte, así como as actuacións que debe incluír

[61224](#)

SUMARIO

- 15111 (09/PNC-001213)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a retirada das sancións impostas pola súa participación en manifestacións cidadás e a devolución da totalidade do investimento ás persoas afectadas pola fraude das participacións preferentes [61224](#)

- 18347 (09/PNC-001515)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre a transposición da Directiva da Unión Europea sobre contratos de crédito para bens inmoables de uso residencial [61224](#)

- 18729 (09/PNC-001535)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre os requirimentos e as sancións ás e aos emigrantes retornados

- 19576 (09/PNC-001582)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

González Santín, Juan Carlos e 4 máis

Sobre o cumprimento polo Goberno galego do compromiso asumido no ano 2008 coa posta en marcha do Plan Impulsa Lugo e a creación de catro mil novos empregos na provincia, así como a adopción de medidas de apoio ao seu tecido empresarial e indus-

trial co fin de evitar o peche de máis empresas e a destrución de máis postos de traballo [61224](#)

COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

Rexeitamento da iniciativa

- 15126 (09/PNC-001216)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Paz Franco, María Tereixa

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun plan de aproveitamento da biomasa forestal residual [61224](#)

- 17539 (09/PNC-001440)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre a posición que debe defender a Xunta de Galicia diante da negociación da aplicación no Estado español da nova política agraria común [61225](#)

- 19263 (09/PNC-001558)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Vázquez Díaz, Ramón, e Sánchez García, Antón

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central das modificacións legais pertinentes para que as garantías que deban constituír os operadores do sector lácteo queden tamén afectas ao pagamento do leite aos produtores [61225](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.1. Normas aprobadas

1.1.1.1. Leis

Lei para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía

O Parlamento de Galicia, na sesión plenaria do día 11 de marzo de 2014, aprobou, por 64 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención, a Lei para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2014

Pilar Rojo Noguera

Presidenta

Lei para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía

Exposición de motivos

No actual mundo globalizado, as institucións galegas, comprometidas co aproveitamento das potencialidades de Galicia, deben valorizar o galego como unha lingua con utilidade internacional, algo que indicou no seu debido tempo o autor a quen foi dedicado o Día das Letras de 2012, que chegou a exercer como vicepresidente da Comissão Galega do Acordo Ortográfico da Lingua Portuguesa.

O portugués, nacido na vella *Gallaecia*, é idioma de traballo de vinte organizacións internacionais, incluída a Unión Europea, así como lingua oficial de nove países e do territorio de Macau, na China. Entre eles figuran potencias económicas como o Brasil e outras economías emerxentes. É a lingua máis falada no conxunto do Hemisferio Sur.

É preciso fomentar o ensino e a aprendizaxe do portugués, co obxectivo, entre outros, de que empresas e institucións aproveiten a nosa vantaxe lingüística, un valor que evidencia a importancia mundial do idioma oficial dun país veciño, tendo en conta tamén o crecente papel de bloques como a Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa.

A lingua propia de Galicia, polo feito de ser intercomprensible co portugués, outorga unha valiosa vantaxe competitiva á

ciudadanía galega en moitas vertentes, nomeadamente na cultural pero tamén na económica. Por isto debemos dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é moi próxima e nos concede unha grande proxección internacional.

Polo tanto, para a mellora do desenvolvemento social, económico e cultural galego, as autoridades deben promover todas cantas medidas sexan posibles para mellor valorizar esta vantaxe histórica.

TÍTULO ÚNICO

Artigo 1

Os poderes públicos galegos promoverán o coñecemento da lingua portuguesa e das culturas lusófonas para afondar nos vencellos históricos que unen Galicia cos países e comunidades de lingua portuguesa e polo carácter estratéxico que para Galicia teñen as relacións económicas e sociais no marco da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

Artigo 2

O Goberno galego incorporará progresivamente a aprendizaxe da lingua portuguesa no ámbito das competencias en linguas estranxeiras nos centros de ensino da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 3

Deberán ser promovidas, así mesmo, as relacións a todos os niveis cos países de lingua oficial portuguesa, constituíndo este un obxectivo estratéxico do Goberno galego. De maneira especial, fomentarse o coñecemento desta lingua por parte dos empregados públicos, a participación das institucións en foros lusófonos de todo tipo —económico, cultural, ambiental, deportivo, etc.—, así como a organización na Comunidade Autónoma galega de eventos con presenza de entidades e persoas de territorios que teñan o portugués como lingua oficial.

Artigo 4

1. A Xunta de Galicia promoverá e estimulará ante o Goberno a adopción de cantas medidas positivas resulten necesarias para a aplicación das disposicións da Directiva

2007/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de servizos de medios audiovisuais sen fronteiras, co fin de favorecer e permitir a reciprocidade das emisións televisivas e radiofónicas entre a Comunidade Autónoma de Galicia e a República de Portugal, coa que comparte patrimonio lingüístico.

2. A Compañía de Radio-Televisión de Galicia promoverá os intercambios de producións audiovisuais e de programas completos ou partes destes nos diversos xéneros televisivos, así como a colaboración en materia de proxectos audiovisuais novos, a cooperación no emprego de medios de produción técnicos e humanos e mais a posta en común de coñecemento aplicado á produción audiovisual ou á xestión empresarial, con televisións de lingua portuguesa, especialmente naqueles eidos susceptibles de acadar as maiores posibilidades de beneficio mutuo e recíproco.

Artigo 5

O Goberno galego realizará anualmente un informe en relación co cumprimento desta lei, no que se farán constar, de xeito pormenorizado, as accións levadas a cabo, o seu custo e as previsións que efectúa para o exercicio seguinte. O dito informe remitirase ao Parlamento de Galicia.

Disposición derradeira primeira

Autorízase o Consello da Xunta de Galicia para que desenvolva regulamentariamente esta lei.

Disposición derradeira segunda

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2014

Pilar Rojo Noguera

Presidenta

Ley para el aprovechamiento de la lengua portuguesa y vínculos con la lusofonía

Exposición de motivos

En el actual mundo globalizado, las instituciones gallegas, comprometidas con el aprovechamiento de las poten-

cialidades de Galicia, deben valorizar el gallego como una lengua con utilidad internacional, algo que indicó a su debido tiempo el autor a quien se dedicó el Día das Letras de 2012, que llegó a ejercer como vicepresidente de la Comissão Galega do Acordo Ortográfico da Lingua Portuguesa.

El portugués, nacido en la antigua *Gallaecia*, es idioma de trabajo de veinte organizaciones internacionales, incluida la Unión Europea, así como lengua oficial de nueve países y del territorio de Macau, en China. Entre ellos figuran potencias económicas como Brasil y otras economías emergentes. Es la lengua más hablada en el conjunto del Hemisferio Sur.

Es preciso fomentar la enseñanza y el aprendizaje del portugués, con el objetivo, entre otros, de que empresas e instituciones aprovechen nuestra ventaja lingüística, un valor que evidencia la importancia mundial del idioma oficial de un país vecino, teniendo en cuenta también el creciente papel de bloques como la Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa.

La lengua propia de Galicia, por el hecho de ser intercomprensible con el portugués, otorga una valiosa ventaja competitiva a la ciudadanía gallega en muchas vertientes, principalmente en la cultural pero también en la económica. Por ello debemos dotarnos de métodos formativos y comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidad en una lengua que nos es muy próxima y nos concede una gran proyección internacional.

Por tanto, para la mejora del desarrollo social, económico y cultural gallego, las autoridades deben promover todas cuantas medidas sean posibles para valorizar mejor esta ventaja histórica.

TÍTULO ÚNICO

Artículo 1

Los poderes públicos gallegos promoverán el conocimiento de la lengua portuguesa y de las culturas lusófonas para profundizar en los vínculos históricos que unen a Galicia con los países y comunidades de lengua portuguesa y por el carácter estratégico que para Galicia tienen las relaciones económicas y sociales en el marco de la Eurorregión Galicia-Norte de Portugal.

Artículo 2

El Gobierno gallego incorporará progresivamente el aprendizaje de la lengua portuguesa en el ámbito de las competencias en lenguas extranjeras en los centros de enseñanza de la Comunidad Autónoma de Galicia.

Artículo 3

Deberán ser promovidas, asimismo, las relaciones a todos los niveles con los países de lengua oficial portuguesa, y este constituirá un objetivo estratégico del Gobierno gallego. De forma especial, se fomentará el conocimiento de esta lengua por parte de los empleados públicos, la participación de las instituciones en foros lusófonos de todo tipo –económico, cultural, ambiental, deportivo, etc.–, así como la organización en la Comunidad Autónoma gallega de eventos con presencia de entidades y personas de territorios que tengan el portugués como lengua oficial.

Artículo 4

1. La Xunta de Galicia promoverá y estimulará ante el Gobierno la adopción de cuantas medidas positivas resulten necesarias para la aplicación de las disposiciones de la Directiva 2007/65/CE del Parlamento Europeo y del Consejo, de servicios de medios audiovisuales sin fronteras, con el fin de favorecer y permitir la reciprocidad de las emisiones televisivas y radiofónicas entre la Comunidad Autónoma de Galicia y la República de Portugal, con la que comparte patrimonio lingüístico.

2. La Compañía de Radio-Televisión de Galicia promoverá los intercambios de producciones audiovisuales y de programas completos o partes de estos en los diversos géneros televisivos, así como la colaboración en materia de proyectos audiovisuales nuevos, la cooperación en el empleo de medios de producción técnicos y humanos y la puesta en común de conocimiento aplicado a la producción audiovisual o a la gestión empresarial, con televisiones de lengua portuguesa, especialmente en aquellos ámbitos susceptibles de alcanzar las mayores posibilidades de beneficio mutuo y recíproco.

Artículo 5

El Gobierno gallego realizará anualmente un informe en relación con el cumplimiento de esta ley, en el que se harán

constar, pormenorizadamente, las acciones llevadas a cabo, su coste y las previsiones que efectúa para el ejercicio siguiente. Dicho informe se remitirá al Parlamento de Galicia.

Disposición final primera

Se autoriza al Consello de la Xunta de Galicia para que desarrolle reglamentariamente esta ley.

Disposición final segunda

Esta ley entrará en vigor el día siguiente al de su publicación en el *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2014

Pilar Rojo Nogueira
Presidenta

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Resolución da Presidencia do Parlamento, do 14 de marzo de 2014, pola que se prorroga o prazo de presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de reforma da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, e do Regulamento do Parlamento de Galicia

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 20865, o escrito do G.P. do Bloque Nacionalista Galego polo que solicita a prórroga do prazo para a presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de reforma da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, e do Regulamento do Parlamento de Galicia.

A Presidencia, tendo en conta a inmediatez da conclusión do prazo –o día 17 de marzo de 2014–, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 24 de novembro de 2012, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 16, do 14 de decembro de 2012), resolve:

1º. Admitir a trámite o documento número de rexistro de entrada 20865, presentado polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego.

2º. Prorrogar, por segunda vez, o prazo de presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de reforma da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, e do Regulamento do Parlamento de Galicia, ata o día 21 de marzo de 2014, ás 18.30 horas.

3º. Dar conta deste acordo á Mesa e á Xunta de Portavoces na vindeira reunión destas que teñan lugar.

4º. Notificar este acordo aos grupos parlamentarios.

5º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2014

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na súa sesión do 13 de marzo de 2014, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa

- 8210 (09/PNC-000691)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co plan de actuacións hidroeléctricas previsto para o río Xallas, o impulso dun plan especial de desenvolvemento económico da Costa da Morte, así como as actuacións que debe incluír

BOPG nº 109, do 28.05.2013

- 15111 (09/PNC-001213)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a retirada das sancións impostas pola súa participación en manifestacións cidadás e a devolución da totalidade do investimento ás persoas afectadas pola fraude das participacións preferentes

BOPG nº 199, do 20.11.2013

- 18347 (09/PNC-001515)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón

Sobre a transposición da Directiva da Unión Europea sobre contratos de crédito para bens inmobles de uso residencial
BOPG nº 232, do 06.02.2014

- 18729 (09/PNC-001535)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa

Sobre os requirimentos e as sancións ás e aos emigrantes retornados

BOPG nº 236, do 12.02.2014

- 19576 (09/PNC-001582)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
González Santín, Juan Carlos e 4 máis

Sobre o cumprimento polo Goberno galego do compromiso asumido no ano 2008 coa posta en marcha do Plan Impulsa Lugo e a creación de catro mil novos empregos na provincia, así como a adopción de medidas de apoio ao seu tecido empresarial e industrial co fin de evitar o peche de máis empresas e a destrución de máis postos de traballo

BOPG nº 245, do 26.02.2014

Sométense a votación conxuntamente e resultan rexeitadas por 5 votos a favor, 8 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2014

María Soledad Soneira Tajés
Vicepresidenta 2ª

COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, na súa sesión do 14 de marzo de 2014, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa

- 15126 (09/PNC-001216)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme, e Paz Franco, María Tereixa
Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun plan de aproveitamento da biomasa forestal residual

BOPG nº 199, do 20.11.2013

Sométese a votación e resulta rexeitada por 4 votos a favor,
8 votos en contra e 0 abstencións.

- 17539 (09/PNC-001440)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre a posición que debe defender a Xunta de Galicia
diante da negociación da aplicación no Estado español da
nova política agraria común

BOPG nº 230, do 04.02.2014

Sométese a votación e resulta rexeitada por 4 votos a favor,
8 votos en contra e 0 abstencións.

- 19263 (09/PNC-001558)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Vázquez Díaz, Ramón, e Sánchez García, Antón

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central
das modificacións legais pertinentes para que as garantías
que deban constituír os operadores do sector lácteo queden
tamén afectas ao pagamento do leite aos produtores

BOPG nº 240, do 19.02.2014

Sométese a votación e resulta rexeitada por 4 votos a favor,
8 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2014

María Soledad Soneira Tajés

Vicepresidenta 2ª



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727